

- A mellora das condicións do ecosistema do río, eliminando elementos descontextualizados e impactos existentes, permitindo mellorar as condicións naturais do espazo para o seu uso e disfrute.
- Resolver con criterios de mobilidade sostible os percorridos e accesos, pormenorizando a posición e ordenación dos puntos de acceso e as características dos viarios que permitan o percorrido polo ámbito.

4. Estarase ao establecido no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto da obriga de recabar con carácter previo á súa aprobación informe da administración competente na materia.

35. PE.803 Plan Especial de Protección de Candeán.

1. O Plan Especial desenvólvese no ámbito de solo urbano de Candeán, delimitado en planos de ordenación.
2. O Plan Especial terá o carácter de Plan Especial de Protección conforme ao establecido nos arts. 70 e 71 LSG, co obxecto de pormenorizar a súa ordenación urbanística, cara á mellora do ambiente urbano e a accesibilidade, así como o estudo das afeccións derivadas das servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo, e establecendo a regulación das súas determinacións coherentes co seu carácter.
3. O Plan Especial, de acordo co establecido no artigo 71.2 LSG poderá delimitar áreas de repartición, cunha edificabilidade máxima sobre superficie total da área, de $0,65 \text{ m}^2/\text{m}^2$, co obxecto de mellorar e completar a estrutura urbana existente mediante remodelacións urbanas, garantindo o seu reequipamento dotacional e de espazos libres.
4. Será obxectivo xeral deste Plan Especial; a mellora das condicións de habitabilidade, ambientais e dos servizos á poboación, así como a mellora da urbanización superficial e das infraestruturas urbanísticas.
5. Para os efectos da regulación urbanística estarase ao establecido na ordenanza de solo urbano U.6, en canto a tipo edificatorio e regulación de usos.
6. O Plan Especial deberá remitirse á "Dirección General de Aviación Civil" antes da súa aprobación inicial, para ser informado. A falta de solicitude de informe ou no seu caso de desconformidade o planeamento non poderá ser aprobado definitivamente no que afecta ao exercicio das competencias estatais.
7. Transitoriamente, en tanto non se aprobe o Plan Especial poderanse autorizar actuacións de consolidación e conservación, rehabilitación e reestruturación, todas

elas sen incremento do volume actualmente existente, requirindo acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), conforme aos artigos 31 e 33 do Real Decreto 369/2023.

36. PE. 804 Plan Especial de Protección e Infraestruturas de Ameal-N-555.

1. O Plan Especial desenvólvese no ámbito de solo urbano delimitado en planos de ordenación correspondente ao asentamento informal de carácter industrial e de actividades que se desenvolve sobre a estrada N-555, e que ten a súa prolongación no contíguo termo municipal de Redondela.
2. O Plan Especial desenvolverase a teor do establecido nos arts. 70, 71 e 73 da LSG e o seu Regulamento, co obxecto de pormenorizar a súa ordenación urbanística, cara á recualificación do espazo público, a mellora da calidade do ambiente urbano e as infraestruturas, así como o estudo das afeccións derivadas das servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo, e establecendo a regulación das súas determinacións coherentes co seu carácter, e coordinando as súas determinacións coas que deveñan do desenvolvemento do vixente Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia na área de Ameal.
3. Para os efectos da regulación urbanística estarase ao establecido na ordenanza de solo urbano U9.2, en canto a tipo edificatorio e regulación de usos.
4. O Plan Especial deberá remitirse á "Dirección General de Aviación Civil" antes da súa aprobación inicial, para ser informado. A falta de solicitude de informe ou no seu caso de disconformidade o planeamento non poderá ser aprobado definitivamente no que afecta ao exercicio das competencias estatais.
5. Transitoriamente, en tanto non se aprobe o Plan Especial poderanse autorizar actuacións de consolidación e conservación, rehabilitación e reestruturación, todas elas sen incremento do volume actualmente existente, requirindo acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), conforme aos artigos 31 e 33 do Real Decreto 369/2023.

O aproveitamento susceptible de materialización será o definido polo planeamento de acordo coa lexislación urbanística, unha vez que se apliquen ao mesmo as condicións que, no seu caso, estableza o informe do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, non xenerando, no caso da súa diminución, ningún tipo de dereito a indemnización por parte do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, nin do titular ou xestor da infraestrutura aeronáutica ou proveedor dos servizos de navegación aérea, agás cando afecte a dereitos xa patrimonializados.